

*Rúbrica para avaliar a expresión escrita* Aplicar

	EXCELENTE (9-10)	SATISFACTORIO (7-8)	MELLORABLE (5-6)	INSUFICIENTE (1-4)
TÍTULO	O título é orixinal, creativo e moi suxestivo. Resume perfectamente a idea principal do tema. (2)	O título é creativo e suxestivo. Resume ben a idea principal do tema. (1,6)	O título resume a idea principal do tema. (1,2)	O título non resume a idea principal do tema. (0,8)
CONTIDO	O texto é comprensible. É fácil de seguir e utiliza un rexistro axeitado e correcto. (2)	O texto é comprensible aínda que se pode mellorar a expresión. O rexistro é axeitado pero presenta algunha incorrección. (1,6)	O borrador inclúe a maioría da información requirida e é lexible. (1,2)	Ao borrador fáltalle a información requirida e é difícil de ler. (0,8)
REDACCIÓN	O texto está organizado en parágrafos, con ideas detalladas e ben explicadas. Presenta unha introdución e unha conclusión. Non hai erros de gramática, ortografía e/ou puntuación. (2)	O texto está organizado en parágrafos pero as ideas non están moi detalladas. Ten unha introdución e unha conclusión correctas. Case non hai erros de gramática, ortografía e/ou puntuación. (1,6)	O texto non presenta os parágrafos necesarios. Mestura as ideas e son pouco detalladas. A introdución e a conclusión son mellorables. Presenta erros de gramática, ortografía e/ou puntuación. (1,2)	O texto está ben distribuído en parágrafos. Mestura as ideas e non as detall. A introdución e a conclusión non cumpren a súa función. Presenta moitos erros de gramática, ortografía e/ou puntuación. (0,8)
VOCABULARIO	O vocabulario é moi variado e con sinónimos. Non hai confusións. (2)	O vocabulario é pouco variado e presenta algunhas confusións. (1,6)	O vocabulario é escaso, non presenta sinónimos. Hai confusións. (1,2)	O vocabulario é moi pobre e incluso dificulta a comprensión. (0,8)
LINGUA	Fai un uso correcto da lingua e está moi traballada. Utiliza un rexistro adecuado. (2)	Fai un uso correcto da lingua e está traballada pero contén algúns erros. O rexistro é o adecuado. (1,6)	Presenta erros no uso da lingua e non está traballada. O rexistro non é o adecuado. (1,2)	O texto presenta moitos erros de lingua e non está ben traballada. O rexistro é inadecuado. (0,8)